

Os anuros son anfibios que teñen as patas posteriores moito máis longas que as dianteiras e que non presentan cola cando son adultos. Durante a metamorfose, sáenlle antes as patas posteriores que as anteriores, ao tempo que se lle vai reducindo paulatinamente a cola ata desaparecer por completo. Durante a época de celo, os machos emiten cantos diferenciados segundo a especie.

### Sapos

**Sapiño comadrón**  
(*Alytes obstetricans*)



Sapo pequeno, duns 5 cm.  
Ollos con pupilas verticais ou lixeiramente romboidais.  
**Dúas ringleiras de pequenas verrugas dende o ollo ate as patas, algunhas de cor vermella.**  
Os machos levan a posta entre as patas.

**Sapo común**  
(*Bufo spinosus*)



Sapo de gran tamaño, podendo acadar, as femias, os 12 cm.  
Dúas glándulas nos ombros con forma de faba, oblicuas entre si.  
**Ollos con pupilas horizontais e iris de cor vermello.**

**Sapo corriqueiro**  
(*Epidalea calamita*)



Sapo mediano, ata uns 7 cm.  
Dúas glándulas nos ombros con forma de faba, paralelas entre si.  
**Ollos con pupilas horizontais e iris de cor verde.**  
**Liña vertebral clara.**

**Ra das veigas**  
(*Discoglossus galganoi*)



Sapo de tamaño mediano, podendo chegar ata os 7 cm.  
**Pel moi lisa, parece máis unha ra.**  
Ollos con pupila redonda ou triangular.  
**Cor dorsal parda cunhas manchas irregulares de tons máis escuros, con deseño que pode ser de bandas.**

**Sapo de esporóns**  
(*Pelobates cultripes*)



Sapo de tamaño mediano, podendo chegar ata os 9 cm.  
**Ollos con pupila vertical.**  
Cor dorsal verde con grandes manchas irregulares escuras.  
**Esporón negro no pé posterior.**

